

EPAPU “Eduardo Pondal”

Dpto. de Ciencias Naturais

Guía breve da materia de Anatomía Aplicada de 1º Curso de Bacharelato

Curso 2023-24

1. METODOLOXÍA

Nas ensinanzas a distancia semipresencial a aprendizaxe enténdese coma un proceso activo no que, o **alumno/a** “ti” es o/a protagonista principal, orientado e guiado polo **profesor-titor** a través de **titorías presenciais**. Este cambio de protagonismo supón que debes de asumir un papel máis activo na túa aprendizaxe, aprender a organizar os tempos de estudo, e a comunicarte e expresarte a través da realización das **actividades** propostas polo profesor-titor, que che van axudar a construír o teu propio coñecemento e valorar a través dos criterios de avaliación que se propoñen en cada unha das U.D, e en que medida vas conseguindo os obxectivos da materia. Polo tanto, a educación a distancia semipresencial debes entendela como un proceso de “comunicación educativa”, que se pode romper se falla algún dos elementos.

As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:

- **As titorías lectivas, é unha titoría semanal para cada materia**, a que tes que asistir de forma regular para facilitar o proceso de ensinanza (agás en circunstancias acreditada, previa petición do interesado/a).
- **As titorías de orientación**, son varias horas semanais que figuran no horario do profesor/a da materia, nas que podes consultar dúbidas, asesoramento e orientación ao profesor, por vía telefónica (teléfono do centro), correo electrónico (ilouzan@edu.xunta.es) ou través da aula virtual de Anatomía Aplicada 1º BAC. Profesora. Iria Louzán Carreira.

As **titorías lectivas** dedicaranse a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia, incidindo especialmente nos contidos procedimentais. Cada sesión comeza pola formulación de cuestións relacionadas coa materia traballada na sesión da semana anterior. Continuase coa resolución de problemas/actividades, e aclaración dos aspectos máis complexos onde se observa una falta de comprensión, ou daqueles que resulte evidente que non chegaron de xeito claro ao alumnado. Unha vez concluído este punto, pásase a desenvolver os contidos seguintes que se traballaran na sesión, co apoio dos materiais e recursos que se citan no apartado correspondente.

Ás **titorías de orientación**, podes utilizalas se o consideras necesario, para solucionar as dúbidas que che poidan xurdir no estudo da materia ou problemas atopados no desenvolvemento do teu traballo autónomo, etc.

Titoría lectiva mañá	Mércores 9:15-10:00
Titoría lectiva tarde	Martes 19:00-19:45
Titorías de orientación	Martes 17:30-18:15 Venres 11:30-12:15

2. MATERIAIS E RECURSOS

1.1. Libro de texto: Libro de texto: Autores: Torres Lobejon, M.D.; Argüello Miguelez, H.; Olazabal Moran, M.; Santos Lozano, A. (2023). Anatomía Aplicada 1º de Bachillerato. ISBN: 978-84-682-4181-45. Ed. Grupo Vicens Vives, Barcelona.

1.2. Aula virtual do EPAPU EDUARDO PONDAL: Anatomía Aplicada 1º BAC. Profesora. Iria Louzán Carreira. Acédese a ela a través do seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/>

Onde aparecerán todos os materiais de apoio utilizados nas titorías lectivas e as actividades recomendadas para cada unidade didáctica:

1.3 Materiais de apoio que se entreguen ou aconsellen os profesores/titores, nas titorías lectivas e as actividades recomendadas para cada unidade didáctica (recordase a obriga de asistencia).

1.4. Recursos bibliográficos. O Centro dispón de biblioteca na que ademais da consulta e préstamos de libros/revistas,... etc., a biblioteca dispón de computadores, con conexión a internet, que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico (CDs, Internet, etc..). Neste apartado anotamos as páxinas que polo seu interese resultan útiles para esta materia, xa que aportan moita información xerarquizada, que pode ser consultada de xeito sinxelo e moi didáctico:

http://www.vicensvives.com.mx/pdfs/Anatomia_aplicada_CAST_MUESTRA.pdf

<https://anamolina.weebly.com/anatomiacutea-aplicada-1ordm-bach.html>

3. Temporalización por avaliacións

Bloques de contidos de referencia da Orde do 13 de febreiro de 2023; DOG do 27/02/2023	Avaliacións	Unidades didácticas	Temas no libro de texto
<ul style="list-style-type: none"> - Bloque 1. O traballo nas ciencias - Bloque 2. A organización do corpo humano - Bloque 3. O aparello dixestivo e o metabolismo - Bloque 4. O aparello circulatorio e o respiratorio. 	Primeira avaliación	<ul style="list-style-type: none"> - U.D. 1. A organización do corpo humano - U.D. 2. O aparello dixestivo: función de nutrición. - U.D. 3. O aparello respiratorio: función de nutrición. 	- Temas: 1, 4, 5, 6, 7.

<p>- Bloque 1. O traballo nas ciencias</p> <p>- Bloque 4. O aparello circulatorio e o respiratorio.</p> <p>- Bloque 5. O aparello uroxenital.</p>	<p>Segunda avaliación</p>	<p>- U.D. 4. O sistema cardiovascular: función de nutrición.</p> <p>- U.D. 5. Sistema uroxenital: o sistema excretor na función de nutrición e o aparello reprodutor (función de reprodución).</p>	<p>- Temas: 3, 8, 9.</p>
<p>- Bloque 1. O traballo nas ciencias</p> <p>- Bloque 6. Os sistemas de coordinación e de regulación</p> <p>- Bloque 7. O aparello locomotor e o movemento.</p> <p>- Bloque 8. Expresión e comunicación corporal</p>	<p>Terceira avaliación</p>	<p>- U.D. 6. Función de relación: sistema nervioso e sistema endócrino.</p> <p>- U.D. 7. Función de relación: aparello locomotor (óseo e muscular) e a expresión corporal.</p>	<p>- Temas: 2, 3, 10, 11, 12, 13.</p>

4. CRITERIOS SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

1. Procedemento de avaliación de aprendizaxes:

- Realizaranse, tres avaliacións ao longo do curso. Rematado o período lectivo, e coincidindo coa sesión da 3ª avaliación, procederase á realización da avaliación final do alumnado e a finais de xuño a avaliación extraordinaria.
- O Centro establecerá de forma oficial o calendario do exame para cada unha das avaliacións.
- As posibles reclamacións do alumnado sobre as cualificacións obtidas nas avaliacións resolveranse seguindo o disposto para as ensinanzas do bacharelato de réxime ordinario.

2. Instrumentos de avaliación e cualificación da aprendizaxe:

2.1. Probas escritas/ exame.

Estas probas permiten valorar e cualificar os coñecementos do alumnado, así como o proceso de aprendizaxe. Este instrumento suporá unha porcentaxe do 80% da nota da avaliación. En función da natureza dos temas explicados, as probas escritas constarán de preguntas dalgunha das seguintes modalidades:

- Preguntas de resposta corta referentes a definicións, vocabulario científico, interpretacións de esquemas, preguntas de relacións, tipo test ou verdadeiro e falso...
- Preguntas de resposta ampla, que poderán estar relacionados co desenvolvemento dalgún tema no que o alumnado terá que relacionar e sintetizar.

aspectos de interese da materia.

- Haberá unha proba escrita/ exame por avaliación, que abarcará as unidades didácticas que forman parte da programación da materia para ese período avaliativo.

2.2. Traballo diario e semanal.

- Este criterio suporá una ponderación dun 20% sobre a nota da avaliación. Considerándose neste aspecto a interese do alumno e a súa participación na realización de actividades e traballos propostos para realizar tanto dentro da aula, como fora dela.

2.3. Cualificación final

- A nota de cada avaliación será o resultado de aplicar as anteriores ponderacións.
- Considerárase aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou maior a 5, en cada unha das tres avaliacións.
- A nota final da convocatoria ordinaria será aproximadamente a nota media das tres avaliacións, se ben se terá en conta a evolución, positiva ou negativa, do alumno/a ó longo do curso, tendo presente o principio de avaliación continua.

2.4. Actividades de recuperación e promoción do alumnado

- Na proba escrita da terceira avaliación, ofrecerase ao alumnado a posibilidade de recuperar as avaliacións non superadas previamente (1ª e/ou 2ª) e nela tamén realizaran unha proba global aqueles alumnos/as que non seguiran o proceso de avaliación continúa.
- O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá que presentarse a avaliación extraordinaria de xuño, na que se incluíran os contidos de todas as unidades didácticas do curso.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS DE REFERENCIA DO CURRÍCULO PARA CADA AVALIACIÓN

Primeira avaliación

U.D.1. A organización do corpo humano.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1** Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.
- 1.2.** Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.
- 1.3.** Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científica.
- 1.4.** Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

- 2.1. Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.
- 2.2 Describir a organización xeral do corpo humano a través da localización dos diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas, e a identificación das súas funcións.
- 2.3. Interpretar e comprender a evolución dos canons de beleza ao longo da historia e a súa influencia na sociedade

CONTIDOS MÍNIMOS

- Explica a utilización da metodoloxía científico no plantexamento de hipótese e así ser capaz de establecer as diferenzas dos empregados desde posicións pseudocientíficas.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.
- Describe a organización do corpo humano con termos básicos da anatomía humana.
- Relaciona os diferentes niveis de organización.
- Recoñece as funcións vitais.
- Razona os diferentes canons de beleza ó longo da historia e as posibles consecuencias.

U.D. 2. O aparello dixestivo: función de nutrición

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 3.1 Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.
- 3.2. Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo, recoñecendo as súas diferenzas e funcións básicas.
- 3.3. Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde, relacionando os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.
- 3.4. Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde, analizando os factores sociais que conducen á aparición daqueles.
- 3.5. Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico, establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.
- 1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.
- 1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.

- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.
- Identifica as características xerais anatómicas do aparello dixestivo.
- Relaciona os procesos dixestivos coa alimentación e a absorción de nutrientes.
- Enumera principais enfermidades o trastornos relacionados co aparello dixestivo.
- Valora a importancia de diferentes dietas e os seus beneficios relacionándoo con hábitos de vida saudables.
- Diferenza principais vías metabólicas e os tipos de metabolismo.

U.D. 3. O aparello respiratorio: función de nutrición.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1. Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador, e describir a anatomía e a función dos distintos órganos que conforman os ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.

4.3. Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e as estruturas implicadas.

4.4. Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.

4.5. Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador, localizando, seleccionando e organizando a información.

1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.

1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identifica os principais compoñentes do aparello respiratorio describindo a anatomía principal.
- Explica o proceso respiratorio cos órganos e estruturas implicadas.
- Argumenta a relación entre o movemento e a coordinación coa respiración, así como menciona a súa relación coa intensidade.
- Enumera e describe as principais enfermidades relacionadas co aparello respiratorio coas súas causas e tratamento.
- Relaciona o aparello respiratorio coa función fonadora e as estruturas implicadas.
- Identifica as principais enfermidades relacionadas co aparello fonador.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.

Segunda avaliación

U.D 4. O sistema cardiovascular: función de nutrición.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1. Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador, e describir a anatomía e a función dos distintos órganos que conforman os ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.

4.2. Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor, identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos e valorando os parámetros de saúde cardiovascular.

4.4. Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.

4.5. Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador, localizando, seleccionando e organizando a información.

1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.

1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identifica os principais compoñentes do aparello circulatorio describindo a anatomía principal.
- Explica fisioloxía derivada do proceso cardiovascular.
- Identifica os principais parámetros relacionados coa saúde cardiovascular.
- Enumera e describe as principais enfermidades relacionadas co aparello circulatorio coas súas causas e tratamento.
- Relaciona as enfermidades coa súa prevención a través de hábitos saudables.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.

U.D. 5. Sistema uroxenital: o sistema excretor na función de nutrición e o aparello reprodutor (función de reprodución).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

5.1. Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.

5.2. Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.

5.3. Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor, localizando, seleccionado e organizando a información

1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.

1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identifica os principais compoñentes do aparello uroxenital masculino e feminino describindo a anatomía principal.
- Explica fisioloxía relacionada co aparello excretor.
- Describe a fisioloxía dos aparellos reprodutores masculino e feminino.
- Enumera e describe as principais enfermidades relacionadas co aparello excretor coas súas causas e tratamento.
- Detallas e describe as principais enfermidades relacionados co aparello reprodutor feminino e masculino coas causas e posibles tratamentos.
- Relacionas os hábitos saudables coa prevención da transmisión de enfermidades de transmisión sexual.
- Relaciona as enfermidades coa súa prevención a través de hábitos saudables.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.

Terceira avaliación

U.D.6. Función de relación: sistema nervioso e sistema endócrino.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

6.1 Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo, recoñecendo as características xerais de cada un deles.

6.2. Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino, empregando diferentes soportes e recursos.

6.3. Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios e relacionalos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.

6.4. Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.

6.5. Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos, e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso, así como a súa prevención.

6.6. Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co Sistema nervioso e endócrino, localizando, seleccionando e organizando a información

1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.

1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identifica os principais compoñentes do sistema nervioso describindo a anatomía principal.
- Explica fisioloxía relacionada coa transmisión do impulso nervioso e a función de relación.
- Recoñece os principais órganos sensoriais describindo a súa anatomía así como a fisioloxía do seu funcionamento.
- Enumera movementos reflexos e voluntarios.
- Enumera e describe as principais enfermidades relacionadas co sistema nervioso coas súas causas e tratamento.
- Relaciona as enfermidades coa súa prevención a través de hábitos saudables e os efectos e clasificación das drogas.
- Identifica os principais compoñentes do sistema endócrino describindo a súa anatomía principal.
- Explica a fisioloxía relacionada coa función hormonal describindo pequenas rutas das hormonas principais.
- Detalla as principais enfermidades relacionadas co sistema endócrino así como as causas, tratamentos e hábitos saudables para a súa prevención.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.

U.D. 7. Función de relación: aparello locomotor (óseo e muscular) e a expresión corporal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

7.1 Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.

7.2. Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.

7.3. Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física

7.4. Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.

7.5. Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoa coa finalidade expresiva das actividades artísticas.

8.1. Recoñecer as características principais da motricidade humana pondo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.

8.2. Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.

8.3. Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.

1.2. Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu

procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.

1.4. Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel das mulleres nela.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Identifica os principais compoñentes anatómicos do sistema óseo e muscular situando en esquemas ou diagramas os máis representativos do corpo humano.
- Explica fisioloxía do aparello locomotor.
- Enumera e describe as principais enfermidades ou lesións relacionadas co aparello locomotor, súas causas derivadas da práctica deportiva e posibles tratamentos.
- Relaciona as enfermidades coa súa prevención a través de hábitos saudables.
- Resume execucións de accións motoras empregando termos relacionados coa biomecánica e a finalidade nas diferentes expresións artísticas.
- Detalla as características distintivas da motricidade humana.
- Define diferentes formas de expresión corporal e fontes de movemento creativo, así como os elementos pertencentes os movementos rítmicos e os focos expresivos do corpo.
- Procura de información en fontes fiables de información así como usa vocabulario científico no desenvolvemento de proxectos.
- Utiliza os recursos de aprendizaxe científica (laboratorio ou espazos virtuais).
- Valora o papel das actividades desenvolvidas polas persoas que se dedican á disciplina así como o papel das mulleres e as achegas feitas.